

A CHAQUETA METÁLICA 1350

Stanley Kubrick, 1987

ESTREA EN NUMAX: 31.07.2024 | V.O.S.E. | 120 min

Un grupo de recrutas prepárase en Parris Island, centro de adestramento da mariña norteamericana. Están baixo as ordes do sarxento Hartman, duro e implacable, cuxa única misión na vida é endurecer o corpo e a alma dos novatos, co obxectivo de que no futuro poidan defenderse do inimigo. Pero non todos os mozos están preparados para soportar os seus métodos.

«Un drama intenso e maravillosamente elaborado sobre a guerra de Vietnam»

VARIETY



The Short-Times

Por Stanley Kubrick

O filme está baseado na novela de Gustav Hasford *The Short-Times*, que Newsweek definiu como a mellor obra de ficción sobre a Guerra do Vietnam. Quedei moi impresionado ao ler o libro e recordo pensar: Pódese facer un filme con isto? Relino dúas veces e souben que si era posible. O libro non ofrecía ningunha solución moral nin política simple, non estaba nin a favor nin en contra da guerra. Parecía só afectado pola realidade dos feitos. Posuía unha extraordinaria economía na presentación dos acontecementos, que eu tentei conservar no filme. Non contén ningunha desas escenas obrigatorias nas historias da guerra que explican que tal soldado tiña un pai alcólico ou tal outro unha muller infiel. O que se sabe dos personaxes non procede máis que da acción principal.

A miña impresión é que o talento de Hasford se visualizaba até a elección do máis pequeno adxectivo. É un pequeno libro de 130 páxinas escrito dunha forma moi directa. Primeiro traballei só e logo con Michael Herr. Hasford entrevistou tres semanas antes da rodaxe, fixo comentarios, reescribiu varias cousas. Pero é moi difícil xa que, mesmo se es respectuoso co libro, sempre fas algo que á forza vai amolar o autor. Non vexo como un autor pode deixar de sentirse perturbado por aquilo que un cineasta fai co seu libro. Suprímense cousas, engádense outras... Pero finalmente Hasford dixo que estaba contento.

Dispatches

Por Michael Herr

En 1980, Stanley Kubrick quixo coñecerme e eu, naturalmente, emocióneime moito coa idea de encontrarme con el xa que sempre admirei o seu traballo. Mostroume *O resplandor* na sala de proxeccións do seu estudio de Pinewood e ceamos xuntos. Díxome que lera “Dispatches” varias veces e que o que máis admiraba do libro era o seu retrato non retórico da guerra.

Despois pasaron dous ou tres anos, delimitados por algunhas conversas telefónicas. Un día, cara a 1983, telefonoume e preguntoume se coñecía “The Short-Times”. Daba a casualidade de que eu xa o lera en 1979 cando o editor me enviou as probas para que eu lle dese a miña opinión. Eu xa dedicara oito anos a escribir “Dispatches” e dezaioito meses a traballar no comentario de *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, 1979) e todo canto quería era disociarme da Guerra do Vietnam. Pero relín “The Short-Times” e quedei tremendamente impresionado. Até o punto de que non puider resistir a oferta de Kubrick para traballar con el. Estaba orgulloso e emocionado de que a el lle gustase o meu traballo. Un dos motivos para non deixar pasar a oportunidade é que “The Short-Times” me parece a mellor novela sobre a Guerra do Vietnam que se teña publicado.

Relín o libro e falamos extensamente del, conxuntamente, durante cinco ou seis reunións. Mostroume un longo tratamento dunhas cincuenta páxinas que escribira el a partir do libro. Despois discutimos cada un dos temas. Posteriormente escribín un primeiro borrador do guión durante tres meses e medio enviándolle páxina a páxina case cada día. Reescribiu este primeiro borrador durante seis ou sete meses. Eu escribín daquela outro que se converteu no guión definitivo. Nese momento, distribuíu os papeis e comezou a rodaxe. En total, a nosa colaboración sobre o guión durou uns dous anos e medio. O libro ten unha forma curiosa. Despois do adestramento dos Marines, todo sucede dúas veces. Particularmente, había que condensar toda a terceira parte nunha única acción continua.